



**XEFE DE SERVICIO DE MONTES E INDUSTRIAS FORESTAIS
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CONSELLERÍA
DO MEDIO RURAL DA CORUÑA**

Por medio da presente comunícolle que o Xurado provincial de montes veciñais en man común da Coruña, na súa reunión do día 22 de decembro de 2006, adoptou a seguinte resolución:

ASISTENTES

PRESIDENTE

Delegada Provincial da Consellería de Medio Rural
D^a Olga M^a García Agra

VOGAIS

En representación do Servizo de Montes e Industrias Forestais
D. Inacio Xesús López da Osa Ximénez

Representante do Ilustre Colexio Provincial de Avogados de A Coruña
D. Augusto José Pérez-Cepeda Vila

Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia
D. Alfonso Vázquez – Castro Garma

Representante das Comunidades propietarias de montes clasificados da Provincia
D. José Manuel Caramés Franco

Vogais representantes das comunidades de Lagarteira, Pallares e Escabanas da parroquia de Cee e concello de Cee:

D. Joaquín Casais Santamaría


D. Antonio Ares Sánchez

SECRETARIA

Xefa Servizo Xurídico Administrativo da Delegación Provincial da Consellería de Medio Rural

D^a J. Amalia Lorenzo Penela

Na cidade da Coruña sendo o día 22 de decembro do 2006, coa asistencia das persoas reseñadas á marxe, reúnese no 3º andar do edificio administrativo Monelos o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común co obxecto estudar e resolver o seguinte expediente:





Expediente nº 396

Monte: San Paio

Comunidades: Lagarteira, Pallares e Escabanas

Parroquia : Cee

Concello: Cee

Superficie: 39,90 has .

Encravados: un cemiterio de 0,89 has de superficie e un campo de fútbol cunha extensión de 2,85 has

Lindeiros:

Norte: predios particulares. Leste: camiño real de Dumbría a Brens e predios particulares. Sur: predios particulares. Oeste: camiño público e valado que fecha e separa terreos a labradío de varios propietarios.

Os vértices da poligonal que definen o monte e mailas súas coordenadas e o plano do levantamento topográfico constan no expediente.

ANTECEDENTES DE FEITO

1º D. Antonio Ares Sánchez na súa calidade de presidente da xunta promotora de clasificación do monte veciñal San Paio sito nos lugares de Lagarteira, Pallares e Escabanas, na localidade de Cee, solicitou o 19 de maio do 2005 (con data de rexistro 20 de maio), a declaración como veciñal en man común do monte de referencia .

Os promoventes aportan coa solicitude a seguinte documentación:

- copia da constitución da xunta promotora, integrada nese momento por 46 veciños dos que achega o correspondente certificado de empadramento do concello de Cee de cadanseu, xustificando así a súa condición veciñal.
- planos topográficos do monte e informe técnico do mesmo de data 14/4/05.
- nota simple informativa do Rexistrador da Propiedade de Corcubión que indica que a finca do Monte de San Paio de Cee non está inscrita no Rexistro da Propiedade.
- resolución da secretaria do concello de Cee de data 16 de febrero do 2005 que sinala que non pode certificar que o monte está ou non inscrito no Rexistro de Bens Municipais porque dito Inventario Municipal non existe nestes momentos.
- Os promoventes do expediente fundamentan a súa petición ante o xurado en que o monte San Paio dos lugares de Lagarteira, Pallares e Escabanas é de natureza veciñal, pois foi aproveitado sen distinción por todos os vecinos de ditas parroquias sen asinación de cotas. Presentan como proba documental ao efecto acta notarial de varios veciños maiores do lugar do 18 de maio do 2005.

2º A vista de tal solicitude e da documentación achegada, o Xurado na súa reunión de data 14 de xuño do 2005, acordou inicia-lo oportuno expediente nomeando como instructor del a D. Alfonso Vázquez -Castro Garma quen aceptou expresamente o cargo. Procedeuse á correspondente tramitación e librouse mandamiento ao Rexistro da



Propiedade de Corcubión (8/08/2005) para que, en cumprimento do disposto no artigo 21 do Regulamento do 4 de setembro de 1992, expida certificación de asentos que poidan afectar ao terreo en cuestión. Así mesmo, e dando cumprimento ao disposto no artigo 23.2 do mentado regulamento, realizáronse o 29 de xullo do 2005 as comunicacións pertinentes do inicio do expediente de clasificación ao Sr. Alcalde do Concello de Cee; ao Xefe de Servicio de Montes e Industrias Forestais, e publicándose edictos no Diario Oficial de Galicia (nº188, do 29/9/05) e taboleiro de anuncios do concello (donde estivo exposto un mes dende o 30 setembro do 2005).

3º Con data 11 de outubro do 2006, o Xefe da Area Técnica de Montes Veciñais en Man Común do Servicio de Montes emite informe no que se fai constar a existencia de aproveitamentos por parte dos membros da xunta promotora e posibles comuneiros consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas baseado, á súa vez, no informe do Distrito Ambiental V do 28 de xullo do ano en curso. Así mesmo, salienta a existencia dun campo de fútbol e un cemiterio encravados no monte de referencia- xa alegados polos promoventes- que están inscritos no Inventario de Bens Municipais do concello segundo certifica a secretaria do mesmo con data 23 de xuño do 2006, e que, de ser excluídos da clasificación, harían que a superficie definitiva do monte resultase dun total de 39,90 has.

4º.- No prazo concedido para a práctica de alegacións non consta que se presentase algunha.

5º Na xuntanza do Xurado Provincial de data 22 de decembro do 2006, pregúntaselles aos vogais representantes das comunidades afectadas e promotores do expediente presentes na mesma, sobre o destino do campo de fútbol e cemiterio encravados no monte, os cales manifestan a súa conformidade de que se exclúan da clasificación do monte veciñal os terreos ocupados por estes ao tratarse de cesións realizadas no seu día en favor do concello de Cee para ditos fins.

5º Na tramitación destas actuacións cúmplíronse as formalidades legais e regulamentarias, esixidas principalmente pola lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu regulamento de aplicación aprobado polo decreto 260/92, do 4 de setembro, ambos da Comunidade Autónoma de Galicia; lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e demais disposicións aplicables ao caso.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º O Xurado Provincial de Montes veciñais en man común da Coruña ten xurisdicción e competencia para coñecer deste expediente en virtude do disposto nos artigos 9 e 10 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.



2º De conformidade co contido do artigo 11 da precitada Lei e artigo 19 do seu regulamento aprobado polo decreto 260/1992, do 4 de setembro, os veciños das comunidades de Lagarteira, Pallares e Escabanas son parte lexítima para solicitar a iniciación do presente expediente de clasificación.

3º Para a súa clasificación como veciñal en man común, o monte debe reunir as seguintes características: 1) pertenza a agrupacións de veciños na súa calidade de grupos sociais, non como entidades administrativas; 2) que se veña aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas polos membros de cada agrupación na súa condición de veciños comuneros; 3) que os veciños comuneiros residan habitualmente con casa aberta dentro da área xeográfica sobre a que se asenta o grupo social que tradicionalmente aproveitou o monte (artigos 1, 2 e 3 da Lei 13/89 e 1, 2 e 3 do regulamento).

4º Segundo o informe emitido polo Xefe de Área técnica de montes veciñais en man común de data 11 de outubro do 2006, baseado a súa vez no informe do distrito ambiental V de data 28 de xuño do 2006, veñen realizando os membros da xunta promotora e posibles comuneiros, consuetudinariamente en réxime de comunidade e sen asignación de cotas, algún aproveitamento forestal ou non do monte en cuestión.

5º Das actuacións obrantes no expediente e, en especial dos informes anteriormente sinalados, dedúcese que o Monte de San Paio cumpre coas esixencias legais establecidas para ser clasificado como monte veciñal en man común ao terse acreditado a súa titularidade veciñal e o seu aproveitamento consuetudinario en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos veciños do lugar.

Por iso, este Xurado, á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito expostos, a proposta do Instructor e por unanimidade dos asistentes,

ACORDA clasificar como monte veciñal en man común das comunidades veciñais de Lagarteira, Pallares e Escabanas, da parroquia de Cee, concello de Cee, o denominado Monte de San Paio, cos lindeiros, superficie e características seguintes:

Superficie: 39,90 has .

Encravados: un cemiterio de 0,89 has de superficie e un campo de fútbol cunha extensión de 2,85 has

Lindeiros:

Norte: predios particulares. Leste: camiño real de Dumbría a Brens e predios particulares. Sur: predios particulares. Oeste: camiño público e valado que fecha e separa terreos a labradío de varios propietarios.

Asimesmo, acórdase excluír-lo declarado do inventario de bens do Concello e do Catálogo de Montes de utilidade pública, se neles estivera inscrito, incluíndoo no



registro de Montes veciñais en man común que figura na Delegación Provincial da Consellería de Medio Rural de A Coruña.


Notifíquese a presente resolución aos interesados.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa ,poderáse interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo ante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común da Coruña no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, refuladora da xurisdicción contencioso-administrativa..

A Coruña, a 11 de xaneiro do 2007

A PRESIDENTA DO XURADO

Asdo.: Olga M^a García Agra



 XUNTA DE GALICIA CONSELERÍA DE MEDIO RURAL ORDENACIÓN PROVINCIAL DA OCUPA SERVIZO DE MONTES E INDUSTRIAS FORESTAIS	MVMC. "SAN PAIO" DA COMUNIDAD DE LAGARTEIRA, PALLARES E ESCABANAS DA PARROQUIA DE GEE.		Nº do expediente 396	
	CONCELLO: CEE		Xefe da Area Técnica de MVMC	
	sup. Total.....43,64 ha sup. anclavados.....3,74 ha SUP. MONTE VECINAL..39,90 ha	ESCALA 1: 10.000	DATA diciembre de 2006	Asdo.  Inacio Lopez da Csa Ximenez
				